



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de novembro de 2022 (1315/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Abel Losada Álvarez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de novembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidade e o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira incorpórase con retraso, ás nove horas e quince minutos.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(935).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2022 e ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de novembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(936).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO. EXPTE. 39066/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/11/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 04/11/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro e servizo do mantemento do sistema de xestión de presenza Visual Time:

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación de data 12/01/2022 co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Orde de inicio do expediente de 13/01/2022.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica..

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/07/2022, asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .

- Memoria económica do contrato de datas 23/05/2022 e 19/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 23/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.



Concello de Vigo

- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 28/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/07/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 37.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 6.421,49 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Importe	IVE
2022	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	36.000,00 €	6.247,93 €
2022	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	500,00 €	86,78 €
2023	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	500,00 €	86,78 €
TOTAL			37.000,00 €	6.421,49 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L., polos seguintes motivos:

- 1. O licitador no punto 1 da súa oferta propón a substitución da actual sistema de control de presenza por outro diferente, HRLOG, aportando o licitador tanto o software como o parque de fichadores (dispositivos Ipad) para despregar polos diferentes centros de traballo. Non se trata pois de unha oferta de mantemento do actual sistema de control de presenza polo que a oferta non se adecúa ó obxecto do contrato.*
- 2. Indica na proposición avaliable mediante xuízo de valor as horas de formación a impartir, sendo así que este é un criterio de adxudicación mediante fórmula.*

Non acada o umbral de puntuación mínima nos criterios avaliables mediante xuízo de valor.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (expediente 39066-220) na seguinte orde descendente:

1. *BASTET INGENIERIA S.L.*

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BASTET INGENIERIA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BASTET INGENIERIA, S.L., o día 11 de outubro de 2022, que presenta documentación o 24 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2022 analizada a documentación presentada por BASTET INGENIERIA, S.L. acorda darlle un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal. En concreto, requíreselle a presentación dos Anexos IV e V do PCAP asinados dixitalmente.

Quinto.- Realizada a notificación en data 27 de outubro de 2022, BASTET INGENIERIA, S.L. presenta a documentación requirida dentro do prazo asignado.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BASTET INGENIERIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BASTET INGENIERIA, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación en



Concello de Vigo

sesión de data 10 de outubro de 2022 que, comprobado que a única oferta admitida non contén valores anormais ou desproporcionados segundo o criterio da cláusula 18 do PCAP, acorda outorgar a BASTET INGENIERIA, S.L. a máxima puntuación (80 puntos) sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de outubro de 2022 por non acadar o umbral de puntuación mínima nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.*
2. *Adxudicar a BASTET INGENIERIA, S.L. (B36921849) o procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (39066-220) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 36.989,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.419,70 euros, coas seguintes condicións:*
 - *1.000 euros corresponden á parte dos servizos de asistencia e asesoramento.*
 - *35.989,70 euros corresponden á parte do subministro de licenzas.*
 - b) *Propón un aumento das horas de soporte ao/á usuario/a a maiores das 20 horas requiridas (punto 6 do PPT) de 20 horas.*
 - c) *Propón 4 sesións de formación con carácter anual e de forma gratuíta para o Concello, dunha hora cada unha delas, en materia de protección de datos.*
 - d) *Achega cursos online de formación a disposición dos/das usuarios/as do Concello de Vigo*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(937).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO RECURSO Nº 168/2022, INTERPOSTO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS

HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, PROCESOS DE TRATAMENTO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN, COLECTORES HIXIÉNICOS SANITARIOS E ILLAS ECOLÓXICAS. EXPTE. 4792/611.

Dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Contratación, de data 07/11/2022, que di o seguinte:

“1º.-Tomar razón da Resolución nº 195/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 168/2022, interposto por GARBIALDI, SA contra o acordo de exclusión e adxudicación da contratación dun servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiánicos sanitarios e illas ecolóxicas, expediente 4792-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por GARBIALDI SA contra o acordo de exclusión e de adxudicación da contratación dun servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiánicos sanitarios e illas ecolóxicas, expediente 4792-611 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .
3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento de ao momento de analizar as ofertas incursas en presunción de temeridade e tendo en conta a resolución 195/2022 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(938).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE “TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL” (TAD). EXPTE. 241412/301.

Visto o informe de fiscalización do 20/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira delegada de Contratación, coa conformidade da letrada xefa de Asesoramento e a titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria municipal (TAD) (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de teleasistencia domiciliaria municipal (TAD) (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria municipal (TAD) (178230-301).

Segundo.- O 7 de marzo de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (178.230-301) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 280.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.800,00 euros, e cun prezo unitario de usuario titular/mes de 11,32 euros (IVE incluído).

b) Propón a realización de chamadas semanais de seguimento para todas as persoas usuarias do servizo.

c) Propón a teleasistencia mediante liña telefónica móbil para un 2% das persoas usuarias titulares do servizo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Terceiro.- O contrato formalizouse en data 16 de abril de 2019, por un prazo de 3 anos, iniciándose as prestacións o mesmo día. Contéplanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- Na sesión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local aprobou unha prórroga dun ano de duración polo período comprendido desde o 16 de abril de 2022 ao 15 de abril de 2023.

Quinto.- O 22 de setembro o Xefe da Área de Benestar Social, responsable do contrato, solicita unha modificación do contrato para poder asumir o maior gasto representado polo aumento de persoas usuarias do servizo de TAD.

Sexto.- Con data 23 de setembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista e finalizado o prazo conferido para o efecto, a adxudicataria, en data 13 de outubro de 2022 manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A legislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).



Concello de Vigo

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido ao *“incremento do número de persoas usuarias”* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar *“o orzamento base de licitación”* (apartado 15.A da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20 % (apartado 15.D da FEC) e sen que se contemplan especialidades do procedemento de modificación.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de asumir o maior gasto representado polo aumento de persoas usuarias do servizo de TAD. Informa ao respecto o servizo xestor con data do 22 de setembro de 2022:

“I. ANTECEDENTES

1.1. Logo do acordo de adxudicación da Xunta de Goberno Local do 07.03.2019, o 16.04.2019 asinouse o contrato de servizos de “Teleasistencia Domiciliaria Municipal” (TAD) coa entidade “Quavitaes Servizos Asistenciales, S.A.U.”, por un prezo de 280.800,00 €, IVE incl., e unha duración de tres (3) anos, contemplando a posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A data fixada para o inicio da prestación foi o 16.04.2019.

1.2. Os contratos do sector público poderán modificarse por razóns de interese público cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos na lei, debendo detallarse de xeito claro, preciso e inequívoco as condicións nas que poderá facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse, con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ó que como máximo poidan afectar e o procedemento que debe seguirse para o efecto (Arts. 203, 204 e ccdtes. LCSP).

I.3. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no PCAP modificacións que podan alterar a natureza global do contrato inicial. Entenderase que se altera esta de substituírse as obras, os subministros ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifícase o tipo de contrato. No se entenderá, en cambio, que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministro ou servizo puntual (Art. 204.2 LCSP).

I.4. A xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022 acordou prorrogar por un período dun ano, desde 16/04/2022 ata 15/04/2023, o contrato de Telesistencia Domiciliaria. Polo tanto actualmente estamos na primeira prórroga do contrato.

II. INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE MODIFICAR O CONTRATO DE TAD

II.1. No correspondente documento contractual, o contratista (“Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U.”) prestou a súa aceptación expresa ós Pregos de Prescricións Técnicas (PPT) e de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexeron o procedemento.

II.2. No PCAP (Apdo. 15 das FEC) preveíase, de acordo coa LCSP (Arts. 190, 191, 203, 204, 206 e ccdtes.), a posible modificación do contrato; en concreto, polo incremento do número de persoas usuarias. En todo caso, esa eventual modificación contractual non podería superar o 20% do prezo do contrato.

II.3. Neste sentido, o actual contrato en función das necesidades da Administración (Disp. Adic. 33ª LCSP e Apdo. 3.L] FEC), por importe de 93.600€/ano e un custo unitario de 11,32€ usuario/mes, permite dar o servizo mensualmente a un total de 689 usuarios/as de TAD.

II.4. O progresivo envellecemento da poboación da cidade de Vigo ten como consecuencia, entre outras, o incremento da demanda dos servizos sociais orientados a satisfacer as necesidades das persoas maiores. Entre estes servizos atópase o de “Teleasistencia Domiciliaria Municipal” no que o aumento da demanda supuxo xa un incremento da lista de agarda e dos tempos previstos para recibir a prestación deste servizo.

II.5. Trátase dun servizo de carácter esencial para as persoas destinatarias e tamén para a Concellería de Política de Benestar Social, por permitirlle establecer un contacto periódico con persoas maiores e en situación de vulnerabilidade.

II.6. Así as cousas, resulta necesario neste momento para o Concello de Vigo modificar o actual contrato para poder asumir o maior gasto representado polo aumento de persoas usuarias do servizo de TAD.

III. INCREMENTO DO PREZO DO CONTRATO - FINANCIAMENTO DO GASTO

III.1. A estimación actual é que resultaría necesario incrementar en 100 o número de usuarios/as mensuais para atender a demanda real do servizo. O custo incrementaríase en 1.132€/mes.

III.2. Estimando a data de modificación do contrato a 01 de outubro de 2022, o custo total do incremento, ata a finalización da primeira prórroga o 15 de abril de 2023, sería de 7.358€.

III.3. Como dixemos, o actual prezo do contrato é de 280.800,00€, IVE incl. O incremento de 7.358€ suporía tan só un 2,62%, o que estaría moi por debaixo da marxe do 20% que permite o PCAP.



Concello de Vigo

III.4. O incremento sería aplicable unicamente ó período do 01 de outubro de 2022 ó 15 de marzo de 2023. Polo tanto, a distribución da modificación quedaría do seguinte xeito:

-O ano 2022 incrementaríase o prezo en: 3.396€.

-O ano 2023 incrementaríase o prezo en: 3.962€.

III.4. Todos eses incrementos de gasto financiaríanse con cargo a aplicación orzamentaria n.º 2310.227.9911 ("Teleasistencia") ou a súa bolsa de vinculación.

III.5. Tratándose dunha modificación do prezo do contrato, será necesario proceder ó reaxuste da garantía prestada, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de 15 días desde a data en que se notifique ó contratista o acordo de modificación (Art. 109 e ccdtes. LCSP).

IV. SOLICITUDE

En consecuencia e a teor do disposto no Acordo da XGL do 06.07.2017 polo que se aprobou o Documento de Instrucións para a planificación da contratación municipal (Exp. nº 5949/241; Apdo. 6º), solicítase dese Servizo de Contratación a tramitación á maior brevidade posible do expediente de modificación contractual do servizo de "Teleasistencia Domiciliaria Municipal" (TAD) nos termos anteriormente expostos".

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, tal e como se reflexa no informe, o incremento da lista de agarda e dos tempos previstos para recibir a prestación do servizo de TAD supón a necesidade de incrementar o número de persoas usuarias do mesmo, modificando, polo tanto o prezo do contrato (apartados 15.B e 15.C da FEC).
- Supón un incremento do prezo do contrato de 7.358,00 euros, que equivale a un 2,62 % do prezo do contrato, polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación está prevista no PCAP.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público ao tratarse dun servizo de carácter esencial para as persoas destinatarias e tamén para a Concellería de Política de Benestar Social, por permitirlle establecer un contacto periódico con persoas maiores e en situación de vulnerabilidade. O servizo enmárcase no ámbito dos servizos asistenciais básicos do artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizos é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como indica o citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 7.358,00 euros que se imputarán á aplicación orzamentaria 2310.227.9911 “Teleasistencia” e que será aplicable ao que resta de contrato, cuxa data de finalización é o 15 de abril de 2023, segundo a seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2022	3.396,00 euros
2023	3.962,00 euros
Total	7.358,00 euros

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para



Concello de Vigo

que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do Anexo I - FEC - do PCAP establece que a garantía esixida será do "5% do orzamento base de licitación excluído o IVE", o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 353,75 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o "Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia" no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira delegada de Contratación, segundo acordo de data 20 de xuño de 2019.

-VIII-

Proposta de resolución

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizos de “Teleasistencia Domiciliaria Municipal” (TAD) (expediente 178230-301) nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 7.358,00 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 2310.227.9911 “Teleasistencia” ou a súa bolsa de vinculación e que se desglosa nas seguintes anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2022	3.396,00 euros
2023	3.962,00 euros
Total	7.358,00 euros

Esta modificación representa un 2,62 % do prezo do contrato. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20 %), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 353,75 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(939).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓN E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6811/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformidade da titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

•Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



Concello de Vigo

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato de subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (Expediente 52008-444), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeadado público" asociada ao proxecto 18153290.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

Segundo.- No caso que nos ocupa advírtese un erro no punto 2º do acordo da Xunta de Goberno local de data 29 de setembro de 2022 ao non incluírse o reaxuste das anualidades segundo o proposto polo servizo xestor nos seus informes de datas 8 e 23 de setembro de 2022.

Con data do 8 de setembro de 2022 a Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético solicitou o inicio da modificación deste contrato para resolver o problema xerado polo incremento do “prezo indexado” definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE) no que se recollía a seguinte táboa:

			Anualidade 2022 Contrato actual	Anualidade 2023 Contrato actual	Modificación do contrato 2022	Total Contrato 2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	100.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €	120.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	3.980.000,00 €	0,00 €	796.000,00 €	4.776.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	70.000,00 €	0,00 €	14.000,00 €	84.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	650.000,00 €	0,00 €	130.000,00 €	780.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	750.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €	900.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.012.000,00 €	0,00 €	202.400,00 €	1.214.400,00 €
			6.562.000,00 €	0,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

O 13 de setembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu o inicio desta modificación nos seguintes termos:

“1º.- Modificar o contrato de subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (Expediente 52008-444), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, que se imputará as seguintes aplicacións orzamentarias:

			Anualidade 2022 Contrato actual	Anualidade 2023 Contrato actual	Modificación do contrato 2022	Total Contrato 2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	100.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €	120.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	3.980.000,00 €	0,00 €	796.000,00 €	4.776.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	70.000,00 €	0,00 €	14.000,00 €	84.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	650.000,00 €	0,00 €	130.000,00 €	780.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	750.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €	900.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.012.000,00 €	0,00 €	202.400,00 €	1.214.400,00 €
			6.562.000,00 €	0,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

Con posterioridade ao inicio da modificación, o 23 de setembro de 2022 o técnico de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Electromecánicos, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, emitiron informe no que solicitaban “que a modificación consistente no incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, sexa imputada á aplicación orzamentaria



Concello de Vigo

1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeado público" asociado ao proxecto 18153290".

Á vista do exposto, o referido punto 2 do acordo da Xunta de Goberno local de data 29 de setembro de 2022 debería ter incluído unha táboa que incorporase os datos recollidos tanto no punto 2º da resolución de inicio de data 13 de setembro de 2022 como no informe do servizo xestor do 23 de setembro para o reaxuste das anualidades, polo que a redacción deste punto debería quedar como segue:

"2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeado público" asociada ao proxecto 18153290:

			Anualidade 2022 Contra- to actual	Anualidade 2023 Contrato actual	Modificación do contrato 2022	Total Contrato 2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	75.000,00 €	25.000,00 €	0,00 €	100.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeado público	2.980.000,00 €	1.000.000,00 €	1.312.400,00 €	5.292.400,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	0,00 €	70.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	440.000,00 €	210.000,00 €	0,00 €	650.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	540.000,00 €	210.000,00 €	0,00 €	750.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	737.000,00 €	275.000,00 €	0,00 €	1.012.000,00 €
			4.826.300,00 €	1.735.700,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Rectificar o punto 2 do acordo da Xunta de Goberno local de data 29 de setembro de 2022 que quedará redactado como segue:

2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeado público" asociada ao proxecto 18153290:

			Anualidade 2022 Contra- to actual	Anualidade 2023 Contrato actual	Modificación do contrato 2022	Total Contrato 2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	75.000,00 €	25.000,00 €	0,00 €	100.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeado público	2.980.000,00 €	1.000.000,00 €	1.312.400,00 €	5.292.400,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	0,00 €	70.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	440.000,00 €	210.000,00 €	0,00 €	650.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	540.000,00 €	210.000,00 €	0,00 €	750.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	737.000,00 €	275.000,00 €	0,00 €	1.012.000,00 €
			4.826.300,00 €	1.735.700,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(940).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (AVA) EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022. EXPTE. 21204/333.

Visto o informe xurídico do 25/10/2022 e o informe de fiscalización do 03/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 14.01.2022 o Concelleiro de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade AGRUPACIÓN



Concello de Vigo

VIGUESA DE ATLETISMO (AVA) pola organización do evento deportivo GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (AVA) solicitou ó Concello de Vigo con data 30.05.2022 unha subvención en relación á celebración, na cidade de Vigo, do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022. Trátase dunha competición adicada onde participen clubs de base de Galicia, incluíndo os equipos máis significativos da cidade, como son o Comesaña Sporting Club, o Real Club Celta de Atletismo, o Atletismo Femenino Celta e a Agrupación Viguesa de Atletismo mais outros clubs senlleiros do atletismo galego de base.

O trofeo ten ampla tradición no panorama atlético de Galicia e e referente para o atletismo vigués.

Este proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento destes eventos deportivos segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 10.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e autonómico e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, circunstancia impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

A entidade será a responsable única da organización xeral dos eventos, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados da mesma.

O Gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 10.000,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 10.000,00€ en concepto de subvención.

A celebración destes eventos deportivos na cidade de Vigo supoñen un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito do evento deportivo.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais novos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover*



Concello de Vigo

actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A entidade terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA), CIF: G36645109 pola organización do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022, de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€. a favor da entidade Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA) co CIF: G36645109 e enderezo social na rúa Venito Castro Nogueira, 13, Baixo, en Vigo, 36205, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 21204-333. Este crédito é con cargo á aplicación 3410.4800006 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO: CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (AVA) EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DO GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022.

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022 , organizados por Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA) que fixo a proposta de celebración e solicitude de subvención.

A entidade organizadora expresou a celebración na cidade de Vigo do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022, uns importantes proxectos deportivos que converteron á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención en ambas modalidades.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a do atletismo autonómico e de base, cunha ampla promoción da actividade deportiva nos cativos e na mocidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade, o que supón un gran valor de carácter público e social.



Concello de Vigo

O GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022 trátase dunha competición adicada onde participen clubs de base de Galicia, incluíndo os equipos máis significativos da cidade, como son o Comesaña Sporting Club, o Real Club Celta de Atletismo, o Atletismo Femenino Celta e a Agrupación Viguesa de Atletismo mais outros clubs senlleiros do atletismo galego de base.

O trofeo ten ampla tradición no panorama atlético de Galicia e e referente para o atletismo vigués.

II.-A entidade Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA). organizou unha proba do Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo 2022 que suón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reuniu aos mais importantes clubs de atletismo da cidade e da comunidade autónoma, cun evento de acceso gratuíto e espectáculo deportivo de nivel competitivo e educativo no valor do deporte e o esforzo na xuventude.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel.

III.-A entidade Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21204-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA) colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizou o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletimo 2022, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Agrupación Viguesa de Atletismo (AVA) unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800006 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxugar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022 . A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que

o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE ATLETISMO 2022.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concillería



Concello de Vigo

de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

7(941).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO COPA VIGO DE FÚTBOL 2022. EXPTE. 21203/333.

Visto o informe xurídico do 25/10/2022 e o informe de fiscalización do 03/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 14.01.2022 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 5.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4800012 a favor da entidade REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL en relación á organización do evento deportivo COPA VIGO DE FÚTBOL 2022.

Esta actividade no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade de Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.



Concello de Vigo

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascende a un total de 5.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollido como Anexo da documentación presentada pola entidade o 02.05.2022.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se*



Concello de Vigo

trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, na partida orzamentaria 3410.4800012, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A vixencia da resolución é pola organización do evento deportivo “Copa Vigo de Fútbol 2022”, tendo a obriga de presentar a documentación para a súa xustificación, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta pola xunta de goberno local e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022. A data prevista de celebración do evento poderá verse modificada por motivos organizativos e de forza maior xustificada, sen que se vexa afectado o clausulado da proposta así como as obrigas nas que se comprometen as partes e os aspectos formais e legais do expediente de concesión da subvención. En todo caso, non poderá superarse a data fixada para a obriga de presentar a documentación xustificativa.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución directa dunha subvención a favor de REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL, CIF: G15055890 pola organización do evento deportivo COPA VIGO DE FÚTBOL 2022.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 5.000,00 €, previsto na partida orzamentaria 3410.4800012, a favor da entidade REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL, CIF: G15055890 e enderezo social na rúa Manuel de Castro, 40, 36210, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á aplicación 3410.4800012 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO COPA VIGO DE FÚTBOL 2022 (Expediente 21202-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **COPA VIGO DE FÚTBOL 2022**, organizado pola entidade deportiva **REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva **REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL** organiza o evento **COPA VIGO DE FÚTBOL 2022** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

A Copa Vigo de Fútbol é unha das competicións futbolísticas mais senlleiras e con arraigo do fútbol aficionado en Galicia, pois xa leva 88 edicións dende o ano 1933, data do seu nacemento. Neste torneo participan 25 clubs de fútbol da cidade de Vigo, tanto femininos, como masculinos, cun total de 650 xogadoras e xogadores do eido aficionado, en 22 partidos. Trátase pois dun torneo con grande atención social e que supón unha data de importancia no calendario deportivo da cidade e do deporte.

O evento contará cunha cifra aproximada de 3500 espectadores e impacto social tanto en prensa escrita (Faro de Vigo, Atlántico Diario, La Voz Galicia, Radio Marca, Especial Campeones – Vigo Deportivo), radio, coma en revistas especializadas do deporte e redes sociais. A promoción e publicidade do Concello de Vigo, mediante diversos medios e soportes, asóciase ao torneo e fai constar o patrocinio e o compromiso da administración municipal cos valores do fútbol e do deporte afeccionado.

III.- A entidade deportiva **REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración do evento, o Concello de Vigo e a **REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL** conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade **REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL** comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o “**COPA VIGO DE FÚTBOL 2022**”, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.



Concello de Vigo

- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.
- 3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.
- 6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- 7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.
- 8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.
- 9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:
 - Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
 - Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
 - Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.
- 10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...
- 11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.
- 12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- 13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL unha subvención por importe de 5.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800012 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca súa organización do evento deportivo

“COPA VIGO DE FÚTBOL 2022”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da proposta, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas



Concello de Vigo

polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "COPA VIGO DE FÚTBOL 2022".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu

caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia abarca o período comprendido entre aprobación da proposta pola xunta de goberno local e ata o 31 de decembro de 2022, co obxecto de proceder á tramitación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen na proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de



Concello de Vigo

dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do obxecto da proposta proposta establécese en base as memorias e informes que presenten a entidade beneficiaria e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima primeira.- O incumprimento de calquera das obrigas, anulará automaticamente todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta.

8(942).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO ACTO DE APERTURA DO FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL DE BOUZAS 2022. EXPTE. 9276/335.

Visto o informe xurídico do 04/11/2022 e o informe de fiscalización do 28/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/10/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal de 29 de maio do 2022, a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” presenta escrito de solicitude de subvención para as Festas do Cristo de Bouzas 2022 “FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO – VILA DE BOUZAS 2022” que tivo lugar o día 17 de xullo de 2022; por este motivo, o día 31 de maio, o concelleiro – delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 18.100,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890011 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, a segunda quincena do mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos” e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro de dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando no terceiro domingo do mes de xullo o chamado “Festival poético – piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.

O dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento.

O Concello de Vigo e a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” veñen asinando dende o ano 1996 convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de carácter popular, co obxecto de potenciar as tradicións e os costumes da nosa cidade.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Este ano 2022 as Festas do Cristo comenzaron o venres 15 de xullo e remataron o martes 19. O Festival Poético Piro – Musical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” tivo lugar o domingo 17 de xullo despois da procesión do Cristo dos Aflixidos.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de **79.591,85 €**. Esta cantidade ven se corresponde cos gastos xerais da programación do evento cuantificados en **40.863,38 € (iva incl.)** e cos gastos de seguridade orixinados polas obras municipais de remodelación do paseo Valentín Paz Andrade cuantificados en **38.728,47 € (iva incl.)**



Concello de Vigo

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” para a organización do Festival Poético Piro – Musical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” (G36690170) deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

O “Festival poético-piromusical” desenvólvese nun ámbito espacial que prevé as seguintes zonas:

1. Zona de lanzamento
2. Zonas de seguridade
3. Zona de concentración de espectadores



A Área de Fomento do Concello de Vigo, está acometendo obras no ámbito do desenvolvemento do Festival, en concreto as Obras de Rexeneración do Paseo do Frente Marítimo de Bouzas, expte. nº 4879/443.



Concello de Vigo

RESUMEN PROYECTO DE EJECUCIÓN. FEBRERO 2021.



Planta general de la propuesta para el paseo de Bouzas del Proyecto de Ejecución.

As finalización das obras está prevista para finais do 2022, polo que no mes de Xullo, data prevista para a celebración do festival, parte deste ámbito vai a estar imposibilitado para a súa utilización tanto para as instalacións das zonas de seguridade como para a zona de público.

Resulta necesario que a organización do evento estableza unha reorganización nas medidas de seguridade e instalacións do evento o que conleva un encarecemento do Festival, ao ter que acondicionarse zonas que non estaban previstas inicialmente para a súa utilización polo público. Esta previsión de novos espazos provocada pola execución das obras implica novas necesidades non contempladas na data que se aprobou o Presuposto municipal.

A subvención nominativa prevé un gasto de **18.100,00 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria **3380.489.0011** do vixente programa orzamentario das Festas polos gastos que se xeneraron como consecuencia da **programación do Evento**. A cantidade asignada resulta insuficiente para afrontar os gastos relacionados coa seguridade, acondicionamento e limpeza do ámbito do Festival orixinados polas obras municipais, polo que precísase unha aportación complementaria de **31.900,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **3380.489.0000** (Transferencias a entidades e Comisións de Festas) a favor da “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” (G36690170). A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 apartados a) de carácter nominativo recollidas no presuposto municipal e c) con carácter excepcional por razóns acreditadas de interese público para coadxuvar os gastos do desenvolvemento do Festival Poético Piro – Musical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” e no incremento nos gastos de seguridade.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 50.000 € (cincuenta mil euros) 18.100,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0011 e 31.900,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0000, autorizar e dispoñer o devandito gasto á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G36690170), para o cofinanciamento do Festival Poético Piro – Musical da Cidade de Vigo – Vila de Bouzas, organizado por esta entidade

SEGUNDO.- A subvención rexeráse en base aos seguintes PACTOS:

1º.- OBRIGAS DA ENTIDADE

A “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170) comprometeuse a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento do Festival Poético Piro – Musical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas que tivo lugar na Baía de Bouzas o día 17 de xullo, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven desta subvención, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.



Concello de Vigo

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil que atende calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades que se achega ao expediente, a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente.

8º.- Deixar a zona da Baía de Bouzas que se utilice para o Festival en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

2º.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2022".

4º.- Conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170), unha subvención por importe de 18.100,00 (deza e oito mil cen euros) e unha aportación complementaria de 31.900 € (trinta e un mil novecentos euros) co

obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización do Festival Poético Piro – Musical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente subvención.

3º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

4º.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo desta subvención efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES36 2080 5016 0730 4002 0541 da entidade ABANCA e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

5º.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

6º.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

7º.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

8º.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (G-36690170), está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.



Concello de Vigo

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

9º.- A beneficiaria unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

10º.- No caso de que a Confraría se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11º.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se ealicen no exercicio económico da subvención.

12º.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que podan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

13º.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

14º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

15º.- A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Confraría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

16º.- O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

17º.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

18º.- O concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación desta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

19º.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaría da subvención a que se refire e procedemento para a súa apreciación e imposición estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

20º.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito cultural, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

21º.- A actividade obxecto desta subvención está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.



Concello de Vigo

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

22º.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

23º.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(943).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2022. EXPTE. 9496/335.

Visto o informe xurídico do 28/10/2022 e o informe de fiscalización do 07/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/10/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas resolveu o día 26 de outubro de 2022, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF G-36.704.666),

para a realización da “Festa do Magosto 2022”, os vindeiros días 12 e 13 de novembro, na Praza do Berbés e na explanada de Coia (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2022”.

A Festa do Magosto ven organizándose nos últimos anos na Praza do Berbés con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A Federación de Peñas Recreativas El Olivo está en condicións de organizar a Festa do Magosto 2022, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Magosto se desenvolverá os días 12 e 13 de novembro de 2022, coa preparación e degustación das castañas, pregón e actuacións.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido o Magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se ven celebrando dende fais máis de vinte anos.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.



Concello de Vigo

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2022”

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 7.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 10.250,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de participación Cidadá e Festas e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”, CIF G-36.704.666, para a organización da “Festa do Magosto 2022”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio F.P.R. El olivo-Magosto do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2022

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil vinte e dous.

REUNIDOS

Dunha parte, don PABLO L. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as – delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9496/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do MAGOSTO 2022, que se



Concello de Vigo

desenvolverá os días 12 e 13 de novembro de 2022, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2022**” na praza do Berbés e na explanada de Coia. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa do Magosto, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo, a través do Servizo de Fetas, está interesado en preservar a cultura, folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da Festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da cidade, primeiramente na Praza da Constitución, e na actualidade na Praza do Berbés e na explanada de Coia.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 7.000,00 € (sete mil euros), a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Magosto 2022.

IX.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9496/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Magosto 2022 que terá lugar na praza do Berbés e na explanada de Coia os días 12 e 13 de novembro de 2022, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar as zonas que se utilizan para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.



Concello de Vigo

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2022".

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 7.000,00 € (sete mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto 2022.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a



Concello de Vigo

facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas

mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.



Concello de Vigo

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do

Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

10(944).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DUNHA PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 11487/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/11/2022, asinado pola xefa de Igualdade, a aseora xurídica adscrita ao Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O día 10 de maio de 2022 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con Pasaporte: *****8403 onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con Pasaporte:*****8403, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2022.

Desde o día 26 de maio de 2022 a dita unidade familiar permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seu seguimento xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal firmado nas datas 2 e 3 de novembro de 2022 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de seis meses de duración a contar desde o día 26 de novembro de 2022 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11487/224.”



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(945).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DA 3ª FASE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019. EXPTE. 38308/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/11/22, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 11/08/2022 adoptou acordo polo que se aproba a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos para a execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018, 2019 (3ª fase), publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022.

II.- O día 02/11/2022, o sindicato CCOO a través do seu secretario xeral, interpón recurso potestativo de reposición contra o referido acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

II.- Admisión do recurso:

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse o Sindicato actor a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dada a directa vinculación da actividade dun sindicato que representa o persoal que presta seus servizos no Concello de Vigo, con un acordo da Xunta de Goberno local de aprobación de criterios de xestión de listas de reserva.

En canto o **prazo de impugnación é de un mes dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.** (artigo 124 da lei 39/2015)

O artigo 116 da referida lei establece como causas de inadmisión do recurso as seguintes:

- **a) Ser incompetente el órgano administrativo, cuando el competente perteneciera a otra Administración Pública. El recurso deberá remitirse al órgano competente, de acuerdo con lo establecido en el artículo 14.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público.**
- **b) Carecer de legitimación el recurrente.**
- **c) Trátase de un acto no susceptible de recurso.**
- **d) Haber transcurrido el plazo para la interposición del recurso.**
- **e) Carecer el recurso manifiestamente de fundamento.”**

No caso que nos ocupa o acto recorrido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 11/08/2022, publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022, e o recurso foi interposto o día 02/11/2022. Procede a inadmisión do mesmo por extemporáneo ao interpoñer o recurso pasado un mes dende a publicación do acto impugnado. Elo por aplicación dos artigos 116 e 124 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, anteriormente referidos.

En atención a todo o exposto, visto o recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede inadmitir o recurso interposto en data 02/11/2022 pola representación da sección de CCOO, contra o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria do 11/08/2022, publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(946).- NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO COA CATEGORÍA DE SUBALTERNO PARA O SERVIZO DE MUSEOS. EXPTE. 39869/220

Visto o informe de fiscalización do 02/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Constan no expediente solicitudes da Área de Cultura e Emprego formuladas polo Concelleiro -delegado da Área (doc. 220017680), Xefatura do Servizo de Promoción e Xestión Cultural (doc. 22080094 e 220228850), para a cobertura da praza vacante existente en dito servizo.

II.- En data 06/10/2022, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que:

“Dispoño ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a incorporación do persoal referido na modalidade oportuna legalmente.”

III.- Consta anexado ao expediente informe técnico de *cuantificación económica do gasto, segundo o cal:*

“O custo para 1 postos cod. 155-ordenanza porteiro, de iniciarse a súa relación o 01/11/2022 , con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino),

121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

<i>S.Base</i>	<i>CD</i>	<i>CE</i>	<i>S.social empr.</i>	<i>Total</i>
<i>1.454,24</i>	<i>808,78</i>	<i>1.621,77</i>	<i>1.217,88</i>	<i>5.102,67</i>

Polo que o custo total de 1 ordenanza porteiro cod. 155 sería de 5.102,67 €.”

IV.- Consta informe de verificación da listaxes de reserva para a categoría de subalterna/o, indicando a persoa á que lle corresponde o nomeamento:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***5308**	C. Casalini Gutierrez

En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la



Concello de Vigo

regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En

este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais diso, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de 1 subalterna/o con cargo a praza vacante incluída na OEP 2018.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22/09/2022 (pendente de publicación no BOPPO); referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cod. 155-ordenanza porteiro.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal - realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:



Concello de Vigo

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da actual Lei de orzamentos, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

“O custo para 1 postos cod. 155-ordenanza porteiro, de iniciarse a súa relación o 01/11/2022 , con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino),

121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
1.454,24	808,78	1.621,77	1.217,88	5.102,67

Polo que o custo total de 1 ordenanza porteiro cod. 155 sería de 5.102,67 €.”

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 223 do expediente) consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado d) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación administrativa do expediente electrónico nº 39.869/220 pola presente infórmase o seguinte:

- Sendo necesario o nomeamento interino de 1 subalterna/o, verificada a listaxe de reserva para dita categoría, existe persoal en condicións de ser notificado.*
- Obran no expediente administrativo de referencia, as renuncias a ditos nomeamentos manifestadas por escrito, procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.*
- Por conseguinte, e salvo de erro ou omisión, procede o chamamento na categoría de subalterna/o con cargo á praza vacante incluída na OEP 2018, de conformidade cos*

critérios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, ao seguinte candidata/o que presentou a documentación requirida para o efecto:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***5308**	C. Casalini Gutierrez

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.”

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.



Concello de Vigo

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: subalterna/o.
- Modalidade legal: funcionarios/as interinos/as para a cobertura de prazas vacantes (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2018.
- Destino: Servizo de Museos Municipais.
- **Período temporal:** ata a provisión definitiva da praza e en **todo caso por un máximo de 3 anos**, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: O custo total para a cobertura dun posto de ordenanza porteiro cod. 155-ordenanza porteiro, de iniciarse a súa relación o 01/11/2022, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
1.454,24	808,78	1.621,77	1.217,88	5.102,67

Polo que o custo total de 1 ordenanza porteiro cod. 155 sería de 5.102,67 €.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interinos con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***5308**	C. Casalini Gutierrez

na súa condición de aspirante incorporada/o en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.*

CUARTO: *Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, Xefatura do Servizo de Museos Municipais, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal integrado no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.*

QUINTO.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(947).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 129247/210.

Visto o informe xurídico do 25/10/2022 e o informe de fiscalización do 28/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2022, asinado pola xefa de Área de Seguridade e Mobilidade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por resolución da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de 30 de outubro de 2017 (expediente 98714/210), adxudicouse á mercantil API MOVILIDAD S.A o contrato do Servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo.

Segundo.- O devandito contrato foi formalmente subscrito, en documento administrativo, o día 24 de novembro de 2017, tendo unha vixencia de catro anos, sen prexuízo das prórrogas susceptibles de seren concedidas conforme ao disposto no propio contrato.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2021 adoptou o seguinte acordo:

“Autorizar, por un período dun ano, a contar dende o 27 de novembro de 2021 ao 26 de novembro de 2022, a primeira prórroga do contrato do Servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, subscrito o día 24 de novembro de 2017 coa mercantil API



Concello de Vigo

MOVILIDAD SA, con cargo á partida orzamentaria 1330 2279902 (CONCESIÓNS MARCAS E VIAIS), cunha previsión de gasto no período de prórroga nos exercicios 2021-2022 de 600.000 euros (56.666,67 € correspondentes ao período comprendido entre o 27 de novembro ao 31 de decembro de 2021 e 543.333,33 euros ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 26 de novembro de 2022)”

Cuarto.- En data 31/05/2022, D. Xosé Manuel Martínez González actuando en representación da mercantil API MOVILIDAD S.A, presenta escrito no rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento con número de entrada 220118576), solicitando a segunda prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O contrato formalizado contempla unha duración de catro anos, e ata dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas (Cláusula 4; art. 208 RDL 3/11). O día inicial das prestacións quedou determinado no 27 de novembro de 2017.

Segundo.- Para decidir sobre a continuidade do contrato ou a convocatoria dunha nova licitación, tívose en conta o grao de desempeño do contratista sobre o conxunto das obrigas asumidas en virtude do contrato durante toda a duración do mesmo, a adecuación das prestacións obxecto do contrato respecto das necesidades actuais e no vindeiro ano, e as propias circunstancias do mercado.

Terceiro.- Ata a data, a execución do contrato veuse realizando con arranxo aos compromisos asumidos polo contratista e con suxeición aos estándares ordinarios de calidade esixibles.

Cuarto.- O contrato contempla un investimento en I+D+i para mellorar a prestación do servizo, que segundo oferta do contratista é dun 12 por cento (mínimo do 2 por cento da anualidade).

A primeira opción estudada foi a posibilidade de identificar un sistema eficaz de borrado das marcas viales mediante a emisión de raio láser nunha determinada lonxitude de onda (solución) para eliminar as marcas viarias, substituíndo ás operacións tradicionais de fresado (mellora potencial).

O proxecto púxose en marcha en colaboración co Departamento de I+D+i da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo.

O orzamento inicial aportado pola Universidade foi de 72.600 euros (IVE incluído).

O proxecto sería viable no caso de que, comprobada a aptitude da solución tecnolóxica, ademais esta fose susceptible de industrialización para a súa aplicación ao servizo obxecto de contratación (mellora real).

Iniciado en novembro de 2019, os traballos e estudos preliminares entre o contratista e a Universidade, baixo a supervisión continua do Concello, determinan o alcance limitado da solución (soamente opera con pintura acrílica, e non a de dous compoñentes) e a imposibilidade de industrialización (sistema móbil) da solución láser a prezos de mercado, polo que en outubro de 2020 descártase continuar co proxecto.

Quinto.- Descartada a opción do borrado con raio láser, o contratista presenta unha nova opción consistente nunha solución de xeración de sinais horizontais virtuais variables na calzada para unha xestión dinámica e intelixente do tráfico en tempo real, con técnicas de láser ou led.

Identificada como unha solución máis próxima ao estado da arte no mercado, os retos do proxecto xiran ao redor da posibilidade de aproveitar a crecente diminución do tamaño dos dispositivos láser ou led para transmitir una potencia luminosa adecuada para reproducir os signos correspondentes e que resulten sempre visibles, a durabilidade dos equipos (capacidade de liberación da temperatura de funcionamento), a estanquidade dos mesmos e a xeometría da proxección.

Denominado GESVIPRO (Xestión Vial mediante Proxección de Sinalización), o orzamento inicial alcanza un importe de 324.435 euros (IVE incluído), e a previsión é o seu desenvolvemento durante a última anualidade do contrato (prórroga).

Sexto.- O cálculo previsto no período da segunda prórroga sería de 600.000 € segundo a desagregación seguinte:

- Gasto previsto no período comprendido entre 27 de novembro ao 31 de decembro de 2022: 56666,67 €.
- Gasto previsto no período comprendido entre 1 de xaneiro de 2023 ao 26 de novembro de 2023: 543.333,33.

Sétimo.- O expediente deberá ser obxecto da correspondente operación contable de Reserva de Crédito (RC), así como do Informe de fiscalización que haberá de emitirse pola Intervención Xeral, de conformidade co artigo 136 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e 214 concordantes do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En atención ao anteriormente exposto, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Autorizar, por un período dun ano, a contar dende o 27 de novembro de 2022 ao 26 de novembro de 2023, a última prórroga do contrato do Servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, suscrito o día 24 de novembro de 2017 coa mercantil API MOVILIDAD SA, con cargo á partida orzamentaria 1330 2279902 (CONCESIÓN S MARCAS E VIAIS), cunha previsión de gasto no período de prórroga nos exercicios 2022-2023 de 600.000 euros (56.666,67 € correspondentes ao período comprendido entre o 27 de novembro ao 31 de decembro de 2022 e 543.333,33 euros ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 26 de novembro de 2023).

Segundo.- A prórroga concedida condiciónase, na súa validez e eficacia, a que o contratista manteña a contratación dunha póliza de responsabilidade civil por contía non inferior a 2.000.000 de euros polo período autorizado, consonte ao disposto no apartado 14 das Follas de Especificacións do Contrato (FEC).

Terceiro.- Indicar ao interesado/a que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 114.1 c) da Lei 39/2015, de 01 de outubro do Procedemento administrativo común.

Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.



Concello de Vigo

Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso *Administrativa*, e 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación. Todo elo sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(948).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, A FUNDACIÓN SONDESEU PARA O FINANCIAMENTO DO “CONCERTO XX ANIVERSARIO DE SONDESEU OFG”. EXPTE. 4604/330.

Visto o informe xurídico do 20/10/2022 e o informe de fiscalización do 02/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 29 de setembro do 2022, a “Fundación Sondeseu” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do “Concerto XX Aniversario de Sondeseu OFG”; por este motivo, o día 3 de outubro do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente.

O concelleiro delegado da Área de Cultura, por resolución do 17.10.2022, resolveu minorar o importe da subvención a conceder á entidade “Fundación Sondeseu,” para a organización do “Concerto XX Aniversario de Sondeseu, OFG”, correspondéndolle en concepto de subvención a cantidade de 7.473,08, dado que o custo da actividade subvencionada é de 18.472,08 euros (agás o IVE) e o importe dos ingresos excluindo a subvención do Concello de Vigo ascende á cantidade de 10.999 euros

A dita resolución foi notificada á entidade interesada, (acuse de recibo do 18.10.2022), dándolle un prazo de dez días para presentar unha reformulación da solicitude de subvención polo importe de 7.473,08 euros.

O día 18 de outubro do 2022, a entidade Fundación Sondeseu, presenta na sede electrónica do Concello escrito de reformulación da solicitude de subvención polo importe de 7.473,08 euros (doc. 220259317)

ANTECEDENTES.-

A FUNDACIÓN SONDESEU é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2006 para contribuír ao fomento, desenvolvemento, promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia; promover a formación musical nos distintos niveis e ámbitos do sistema educativo como vehículo de expresión artística e pedagóxica, e impulsar o desenvolvemento de investigacións e estudos etnomusicolóxicos.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concerto de Sondeseu no Festival Folclórico Internacional de Vigo tivo lugar o 12 de maio do 2022 ás 20:30 horas no Teatro García Barbón de Vigo.

A actuación consistiu na interpretación dunha escolma dos temas que formaron parte do repertorio de Sondeseu Orquestra Folk de Galicia ao longo dos vinte anos que levan sobre os escenarios.

O repertorio, distribuído en bloques, foi o seguintes:

MAR DE VIGO	TRASTEMPO	BARLOVENTO	DANZAS BRANCAS	BEIRALÚA
A Pequerrecha	Alén	Mencer no camiño	Sil-lenzo	Maneo de Malpica
Grixoa	Costureiriña	Alalá de Padrón	Folerpas	Ciclotimias
Mar de Vigo	A Camposa	Espadelada de Penosiños	Xota de Cortellas	O mandil
			O Rillachavos	

Na interpretación do repertorio participaron 63 músicos, a maior cantidade nunca reunida nun concerto de Sondeseu. Estiveron distribuídos da seguinte maneira:

- 6 Arpas Célticas
- 11 Zanfonas
- 9 Violíns
- 14 Voces
- 3 Contrabaixos
- 6 Requintas
- 4 Percusionistas
- 4 Buzuquis
- 6 Gaitas

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 18.472,08 euros, dos que o Concello de Vigo achega 7.473,08 €, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación



Concello de Vigo

- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de reformulación de solicitude de subvención polo importe de 7.473,08 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU , para o financiamento do “Concerto XX Aniversario de Sondeseu OFG” , rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a FUNDACIÓN SONDESEU deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a “Fundación Sondeseu” ten como obxecto financiar o “Concerto XX Aniversario de Sondeseu OFG”, figurando na aplicación **3340.480.00.19** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.473,08 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.473,08 € (sete mil catrocentos setenta e tres euros con oito céntimos) á Fundación Sondeseu, CIF. G36968741, para o financiamento do “Concerto XX Aniversario de Sondeseu OFG”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 “FUNDACIÓN SONDESEU, ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

1. E de responsabilidade da Entidade :
 1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.



Concello de Vigo

3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 4. Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Xaquín Xesteira Losada, presidente da entidade
 3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
 5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
 6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (7.473,08 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán



Concello de Vigo

ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria alcanzará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o **15 de novembro do 2022**
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.

- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola



Concello de Vigo

Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e

na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(949).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS”. EXPTE. 1472/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do



Concello de Vigo

ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investmentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 7 de novembro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS”**”. O devandito informe indica o seguinte:

“ A presa de Zamáns foi executada entre os anos 1952 – 1960, correndo a cargo do Concello de Vigo o proxecto, a execución das obras e explotación da presa dende a súa posta en servizo en agosto de 1960. Trátase dunha presa de gravidade de formigón, de 2 hm³ de capacidade e altura sobre cimentos de 29 metros. Dende esta presa se cubre parte da demanda de abastecemento do Concello de Vigo (en torno ao 11% da demanda total), tratándose a auga bruta procedente da presa na ETAP de Valladares. Ademais, dende a presa se subministra auga bruta ao Concello de Nigrán.

O tempo transcorrido dende a súa execución, así como os cambios acaecidos na normativa, fan necesaria a execución dunha serie de melloras na presa.

Así, considérase necesario executar melloras nos equipos de auscultación instalados na presa; melloras nos sistemas de accionamento de comportas e desaugues; melloras no sistema de comunicación da presa; instalación dun grupo electrógeno; melloras no sistema de drenaxe e adecuación das instalacións de protección dos traballadores fronte a riscos de seguridade, así como melloras no desaugue de fondo na presa.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS” é unha actuación necesaria que non debe demorarse. ”

V.- A vista deste informe, con data 7 de novembro de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS”** .

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS”**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(950).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA O ANO 2022. EXPTE. 14902/407.

Visto o informe de fiscalización do 14/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/2022, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o xerente de Urbanismo, o secretario e a vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, e sometido a acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 25/10/2022, que di o seguinte:

I.- Antecedentes e fundamentación.

Con data 22 de decembro de 2021 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2022, incluíndo o do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”. Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía un cadro de persoal con 109 prazas, das que se encontran vacantes 32, coa seguinte desagregación:

- 11 prazas incluídas na oferta de emprego público 2021,
- 13 na oferta de emprego público 2022 extraordinaria de estabilización (Lei estatal 20/2021) e
- 8 prazas sen estar incluídas en ningunha oferta.

Por prazas:

DENOMINACION DA PRAZA	G.	Vacantes ofertadas			Sen OEP	Vac total
		OEP 2021	OEP 2022*	Nº		
ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS	A1	1		1		1
ARQUITECTO	A1		4	4		4
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	A1	1	5	6	1	7
TÉCNICO SUP. SERVIZOS EC.	A1				1	1
ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	A1	1	1	2		2
TÉCNICO SUPERIOR URBANISMO	A1				1	1
ARQUITECTO TÉC. de GRADO A1	A1	1		1		1
ARQUITECTO TÉCNICO	A2	1		1		1
TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN	A2	1		1		1
INSPECTORES DE URBANISMO	C1	1		1		1
DELINEANTES	C1	1		1	2	3
ADMINISTRATIVO	C1	2		2	1	3
OPERADOR INFORMÁTICA	C2				1	1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2	1	3	4	1	5
TOTAL =		11	13	24	8	32

***OEP 2022 EXTRAORDINARIA de ESTABILIZACIÓN**

En consecuencia, quedan 8 prazas vacantes pendentes de dotar, propoñéndose que se cubran 5 por



Concello de Vigo

acceso libre (cumpríndose a taxa de reposición máxima prevista na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2022 do 120%) e 2 por promoción interna. A praza de técnico superior de urbanismo manterase vacante para permitir unha provisión interna ou externa dun posto do grupo A1.

As prazas de acceso libre serían:

- Técnico de Administración Xeral: 1
- Delineantes: 2
- Administrativo: 2
- Operador de informática: 1

As prazas para promoción interna serían:

- Técnico Superior de Servizos Económicos: 1.
- Auxiliar Administrativo: 1.

Dita proposta foi obxecto de negociación cos representantes sindicais o pasado 21 de setembro, acordándose ademais que se intente a execución conxunta desta oferta de emprego público coa de 2021.

II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ao disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), *“as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...”*.

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:

- “2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.*
- 3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”*

Por outra parte, a Administración ten a obriga de fomentar a promoción interna do seu persoal. O artigo 18.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que *“as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional”*. Dita promoción interna configúrase, ademais, como un dos dereitos individuais dos funcionarios (artigo 14.c do propio TRLEBEP).

O artigo 20.Un da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 de 29.12.2021), establece que *“la incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público ... se sujetará a una tasa de reposición de efectivos del 120 por cien en los sectores prioritarios y del 110 por cien en los demás sectores”*, engadindo que *“las entidades locales que tuvieran amortizada su deuda financiera a 31 de diciembre del ejercicio anterior tendrán un 120 por cien de tasa en todos los sectores”*.

Na Xerencia Municipal de Urbanismo deixaron de prestar servizo definitivamente cinco funcionarios: catro por xubilación e un por falecemento. As prazas ofertadas na quenda de promoción interna non consumen taxa de reposición. En consecuencia, na oferta de emprego público proposta para 2022, dáse cumprimento ás previsións contidas na normativa vixente.

III.- Proposta.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, asignou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia proporá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2022 (oferta ordinaria que se acumula a extraordinaria de estabilización), integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
1	Técnico/a Admon. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
2	Delineante	C1	Admón. Xeral	Técnica	Auxiliar	Libre
1	Administrativo/a	C1	Admón. Xeral	Administrativa		Libre
1	Operador/a informático/a	C2	Admón. Especial	Auxiliar		Libre
1	Téc. sup. Serv. Económ.	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Prom. interna
1	Auxiliar administrativo/a	C2	Admón. Xeral	Auxiliar		Prom. interna

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia e na web deste Concello de Vigo a citada Oferta de Emprego Público 2022 (ordinaria) deste Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

- Desistencia do contrato por procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais. Expte. 19077/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(951).- DESISTENCIA DO CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DA COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS EN ESPAZOS MUNICIPAIS. Expte. 19077/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais (19077-101), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 23 de agosto de 2022 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

Terceiro.- En data 9 de setembro de 2022, a Mesa de Contratación procedeu a apertura administrativa e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, e acordou, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - a) OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.
 - b) GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a SACAFERRO, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar un novo DEUC coa parte III “Motivos de exclusión” debidamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu á pregunta “*Conflicto de intereses debido a su participación en el procedimiento de contratación*”.

Cuarto.- En data 14 de outubro de 2022, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación de Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 aprobou a resolución de clasificación deste procedemento:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101) na seguinte orde descendente:

NOME DA EMPRESA	TOTAL PUNTOS CRITERIOS XUÍZO DE VALOR	TOTAL PUNTOS CRITERIOS AVALIABLES POR FORMULA	TOTAL PUNTUACIÓN
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	25 puntos	75,00	100,00
SACAFERRO, S.L.	25 puntos	29,43	54,43



Concello de Vigo

GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.	0 puntos	29,59	29,59
----------------------------------	----------	-------	-------

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (B70493275), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Quinto.- En data 17 outubro de 2022 procedeuse a notificación ao licitador clasificado en primeiro lugar, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., a resolución de clasificación co devandito requirimento de documentación apuntado na anterior cláusula, documentación que foi recibida, parcialmente, o 31 de outubro de 2022, dentro do prazo establecido.

Sexto.- Con posterioridade ás actuacións precedentes, unha vez recibida a documentación requirida ao licitador clasificado en primeiro lugar, detectase, por parte do Servizo de Contratación, unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ao establecer nas Follas de Especificación do Contrato, no apartado 2.B) que o contrato non estaba incluído nos contratos de servizo do Anexo IV da LCSP cando sí que o esta, o encuadrarse, o obxecto do mesmo, na CPV 79952000-2 "Servizo de eventos".

En base ao anterior, na ponderación dos criterios de adxudicación, non se tivo en conta o establecido polo artigo 145.4 LCSP cando sinala que "*Nos contratos de servizos do Anexo IV, (...), os criterios relacionados coa calidade deberán representar, polo menos, o 51 por cento da puntuación asignable na valoración das ofertas, sen prexuízo do disposto no apartado 2.a) do artigo 146*" e, polo tanto, asignouse o 70 por cento da puntuación á valoración da redución do prezo de licitación.

Sétimo.- Tendo en conta o establecido no anterior antecedente, procede desistir do procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais para rectificar a documentación do expediente na que figura a clasificación incorrecta do contrato e a, consecuentemente, ponderación incorrecta dos criterios de adxudicación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares, e iniciar unha nova tramitación para a adxudicación do devandito servizo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 152 LCSP contempla a desistencia do procedemento de adxudicación por parte da Administración indicando no seu apartado cuarto que este deberá fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación e que deberá xustificarse a concurrencia da causa no expediente.

Segundo.- Pola súa banda, o artigo 152.2 LCSP establece que a desistencia do procedemento de adxudicación so se poderá acordar, por parte do órgano de contratación, previamente á formalización do correspondente contrato.

Terceiro.- A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación de conformidade co disposto polo devandito artigo 152 LCSP.

Cuarto.- Dos feitos descritos no antecedente sexto queda acreditado que se produciu unha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación do contrato do artigo 145.4 LCSP dado que, nos contratos de servizos do Anexo IV da LCSP, no que o presente procedemento se enmarca independentemente da súa errónea clasificación, *“os criterios relacionados coa calidade deberán representar, a lo menos, o 51 por cento da puntuación asignable na valoración das ofertas, (...)”* e, no caso que nos ocupa, a ponderación asignada e do 30 por cento.

Quinto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Sexto.- O artigo 152.1 LCSP establece que no caso de que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación notificarao aos candidatos ou licitadores

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desistir do procedemento de adxudicación do procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais (19077-101) polas razóns expostas no precedente informe.

2º.- Notificar aos correspondentes licitadores o presente acordo.

3º.- Iniciar os trámites correspondentes para, se procedese, compensar aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(952).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.



Concello de Vigo

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez